



**XIII CONCURSO
DE INTERPRETACIÓN SOLISTA
COA ORQUESTRA OU BANDA DO
CONSERVATORIO SUPERIOR DA CORUÑA**

Inscripción: antes das 14.00 do día 28 de marzo

Proba: 18 de abril ás 16:30

NO AUDITORIO ANDRÉS GAOS



XIII CONCURSO DE SOLISTAS BASES CONVOCATORIA CURSO 2022-2023 Para actuar coa Orquestra ou Banda do Conservatorio

1.- CANDIDATOS

Convócase o Concurso de Solistas do Curso 2022-23, para actuar coa Orquestra e a Banda do Conservatorio Superior de Música da Coruña. Poden presentarse voluntariamente ao concurso todos os alumnos que estén matriculados na especialidade de interpretación, no instrumento ao que concursan, agás os que xa actuaran como solista coas devanditas agrupacións en cursos anteriores. Serán seleccionados, alomenos:

- un alumno para actuar coa Orquestra.
- un alumno para actuar coa Banda.
- un alumno reserva para Orquestra e outro para Banda.

2.-PROCESO DE SELECCIÓN

O alumnado interesado deberá preparar unha obra de libre elección.
O proceso de selección consta de dúas fases:

1º INSCRIPCIÓN: O alumnado deberá inscribirse entregando cuberto o impreso adxunto en Conserxería, antes das 14.00 do día 28 de marzo de 2023.

Recoméndase ter preparada unha grabación polo candidato de alomenos 10 minutos, da obra coa que se concursa, que poderá ser requerida en caso de que o número de candidaturas sexa demasiado elevado. Nese caso, o alumnado será informado o día 29 de marzo, e deberá enviar a grabación ao correo direccion@csmcoruna.com antes do 2 de abril. No caso de necesitar valorar as gravacións para seleccionar o alumnado que chegue á audición final, a lista final de alumnado seleccionado será publicada o 11 de abril na web do centro.

2º AUDICION FINAL: Para esta audición, cuxa duración aproximada será dun máximo de 15 minutos por aspirante, os candidatos deberán presentar a obra completa, e haberán de actuar con pianista acompañante. A Comisión de selección poderá pedir a interpretación de determinados fragmentos ou movementos.

Dita Comisión estará formada por:

- Director do Conservatorio ou persoa en quen delegue.
- Directores da Orquestra e Banda do Conservatorio.
- Poderá ser invitado como membro do tribunal algún músico representante dalgunha agrupación orquestral galega.

A audición finalfinal terá lugar o día **18 de abril de 2023, a partir das 16.30**, no Auditorio Andrés Gaos do Conservatorio Superior de Música da Coruña.

3.- DATAS DE ACTUACIÓN DOS GAÑADORES

Os alumnos gañadores actuarán coas agrupacións en datas a determinar segundo as necesidades do Centro.

IMPRESO DE INSCRICIÓN
XII CONCURSO DE SOLISTAS

Para actuar coa Orquestra ou Banda do Conservatorio

Nome a apelidos	
Tlf. e correo electrónico	
Obra a interpretar	
Instrumento e curso	
Agrupación para a que concursa (marcar cun X)	Orquestra do Conservatorio Superior: Banda do Conservatorio Superior:

Asdo: _____ Data: _____